

## XUNTA DIRECTIVA DA ANPA DO CEIP “A SOLAINA”



Ola, familias!

Dende a ANPA, nestes momentos tan complicados e de incerteza que estamos a vivir, non queremos rematar o curso sen desexarvos que todo vaia ben, e recordarvos que ante calquera dúbida ou consulta, seguimos á vosa disposición no correo [anpaasolaina@yahoo.es](mailto:anpaasolaina@yahoo.es). Non dubidedes en poñervos en contacto con nós.

Non permitíndose a actividade presencial nestes meses, unha vez decretado o estado de alarma, lamentamos ter que dar por finalizada a actividade presencial da ANPA dunha forma tan inusual e repentina, mais estamos na mesma situación que vós, como pais e nais de alumnos do centro.

Dada a situación actual, e as limitacións ás que nos vemos obrigados, comunicamos que as fianzas de almozos deste ano, quedan como fianza para o vindeiro curso escolar ou poderán retirarse no momento no que retomemos a presenza no colexio de cara a volta ó vindeiro curso, en setembro.

Excepcionalmente, as familias que abandonen o colexio neste curso ou precisen retirar a fianza por algún outro motivo, rogamos que se poñan en contacto con nós a través do correo electrónico.

Non vos preocupedes se tedes algún trámite pendente con nós, pois retomaremos o contacto e os procesos suspendidos en setembro, previo aviso e de cara ó comezo do novo curso escolar.

Non queda máis que desexarvos un feliz verán e esperamos que pronto volvamos vernos no cole.

Atentamente,

A Xunta Directiva.